



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O 19-01-2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 13:00 horas do día 19 de xaneiro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, previa a súa convocatoria a Comisión Informativa de Asuntos Xerais cos seguintes asistentes:

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS

GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE

D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA
D. SALVADOR EIROA AMEIJENDA
D^a. ANA PÉREZ IMIA

GRUPO MUNICIPAL PP:

D. JESÚS DANIEL GARCÍA COTELO
D^a. MARTA MARÍA CARRILLO AGUIAR

GRUPO MUNICIPAL APIN:

D. JOSÉ MANUEL POSE VERDES

SECRETARIA: D^a. ANTÍA PENA DORADO

INTERVENTOR: D^a LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

AUSENTES:

SRES. CONCELLEIROS

GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE

-

GRUPO MUNICIPAL PP:

-

GRUPO MUNICIPAL APIN:

-

Co quórum establecido polas disposicións vixentes, o alcalde declara aberta a sesión, para tratar e ditaminar os seguintes asuntos que compoñen o orde do día:

1º.- Comisión Informativa de Asuntos Xerais (13:00)

1.1.- Aprobación de actas anteriores (23-11-2020,17-12-2020 e 13-01-2021)

Pola presidencia pregúntase se teñen algo que engadir, non habendo aclaracións sométese a votación:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Votos a favor: 2 PSOE (Xose Lois García Carballido e Faustino Santiago Lema) e dous do PP
Votos en contra: --
Abstencións: 3 (1 PSOE, 1PP e 1 APIN)

Votos a favor: 4 PSOE (Xosé Lois García Carballido, Faustino Santiago Lema) y 2 del PP
Votos en contra:--
Abstencións: 2 de APIN y 2 PSOE (Salvador Eiroa Ameijenda e Ana Pérez Imia)

Polo que queda aprobada a acta con 4 votos a favor.

1.2 Estudio e consulta dos términos POS + 2021.

POS +2021 DE PONTECESO POR IMPORTE TOTAL DE 758.220,34 €

A.- PROPUESTA DE DISTRIBUCIÓN DE FONDOS 1: únicamente se destina a pago proveedores las facturas pendientes de pago por importe superior a 100 € imputables a los capítulos 2 y 6 con fecha de entrada hasta el 30.06.2020

El importe de facturas pendientes de pago a 30.06.2020 de importe superior a 100 € y correspondiente a los capítulos 2 y 6 de gastos asciende a un importe total de 188.460,16 € (se detalla en el ANEXO III.b- FRAS A 30.06.2020)

CONCEPTO	IMPORTE	DESTINO
achega provincial 2020	298.166,06 €	188.460,16 € a pago a proveedores obligatorio 109.705,90 € a inversiones o suministros financieramente sostenibles
achega provincial 2021	249.466,05 €	GASTO CORRIENTE
préstamo provincial 2021	59.396,68 €	no PODEMOS solicitar esta ayuda
achega provincial 2021 extraordinaria	151.191,55 €	Gastos sociales extraordinarios del ejercicio 2021 para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19. 100.000 euros al plan de empleo social y el resto para aportación municipal a dependencia.
Plan complementario	Pendiente de deteminar	inversiones financieramente sostenibles
TOTAL	758.220,34 € + plan complementario	
Gastos sociales		



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

extraordinarios del ejercicio 2021 para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19. 100.000 euros al plan de empleo social y el resto para aportación municipal a dependencia.

inversiones financieramente sostenibles

.- PROPUESTA DE DISTRIBUCIÓN DE FONDOS 2: se da prioridad al pago de las facturas pendientes por lo que se incluyen las facturas obligatorias (facturas pendientes de pago a 30.06.2020 de importe superior a 100 € e imputables a los capítulos 2 y 6 de gastos) y las facturas voluntarias (facturas pendientes de pago a 31.12.2020 de importe superior a 100 € e imputables a los capítulos 2 y 6 de gastos, con el límite* del 25% de "achega provincial 2021"). El desglose consta en el anexo ANEXO III.b- FRAS OBLIGATORIAS y VOLUNTARIAS: para la selección de las voluntarias se siguió el criterio del orden de entrada en el Registro.

Límite* del 25% regulado en la base 2.1 POS +2021: "Por outra banda, o concello poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe. Estas facturas "voluntarias" imputaranse, en primeiro lugar, á achega provincial 2020, se existe dispoñible logo de destinarse ás que son obrigatorias; e, en segundo lugar, á achega provincial 2021. En calquera dos casos, aínda que se imputen á achega provincial 2020, o importe das facturas "voluntarias" non poderá superar o 25% da achega 2021 asignada"

249.466,05 * 0,25 = 62.366,51 € se pueden destinar, como máximo a las facturas a incluir voluntariamente

C

CONCEPTO	IMPORTE	DESTINO
achega provincial 2020	298.166,06 €	188.460,16 € a pago a proveedores obligatorio
		62.366,51 € a pago a proveedores voluntario
		47.339,39 € a inversiones financieramente sostenibles
achega provincial 2021	249.466,05 €	Gasto corriente.
préstamo provincial 2021	59.396,68 €	no podemos solicitar esta ayuda
achega provincial 2021 extraordinaria	151.191,55 €	gastos sociales extraordinarios del ejercicio 2021 para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19.100.000 al plan de empleo social y el resto para



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

		aportación municipal a dependencia
Plan complementario	Pendiente de determinar	inversiones financieramente sostenibles
TOTAL	758.220,34 € + plan complementario	

O Alcalde indica que se puxo a disposición dos membros da Comisión un borrador no que se plantexan dúas opcións por parte do goberno, onde se indica en todo caso o importe de facturas obrigatorias a incluír con criterios POS.

Toma a palabra o Sr Pose Verdes que di que non ten nada que dicir.

O voceiro do PP, Sr García Cotelo fai unha serie de preguntas para aclarar as contías que irán destinadas ao pago de facturas e cales se poden destinar a obras, do que queda aclarado tras oportunas preguntas á Sra Interventora do seguinte modo:

CONCEPTO	IMPORTE	DESTINO
achega provincial 2020	298.166,06 €	188.460,16 € a pago a proveedores obligatorio 109.705,90 € a inversiones o suministros financieramente sostenibles
achega provincial 2021	249.466,05 €	BIEN a gasto corriente O BIEN a inversiones o suministros.
préstamo provincial 2021	59.396,68 €	a amortizar deuda bancaria (préstamos). Ponteceso NO tiene deuda bancaria pendiente con criterios POS+2021 por lo que no puede solicitar esta ayuda
achega provincial 2021 extraordinaria	151.191,55 €	gastos sociales extraordinarios del ejercicio 2021 para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19.A determinar por los servicios sociales municipales
Plan complementario	Pendiente de determinar	inversiones financieramente sostenibles
TOTAL	758.220,34 € + plan complementario	



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O importe do plan complementario indícase que será o 50 % do importe total do POS+ 2021 (758.220,34 €).

O Alcalde indica que o goberno entende necesario dedicar a achega provincial 2021 a gasto corrente, como xa se fixo en anos anteriores e recalca a necesidade de que as obras que se propoñan sexan en vías de titularidade municipal, evitando na medida do posible que teñan moitas afeccións sectoriais.

Ademáis indica que existe un proxecto elaborado para a mellora de viais en Nemeño-Ánxeles.

Toma a palabra o voceiro de APIN que indica que o Alcalde soamente indicou unha obra a incluír no POS, debendo ter máis obras preparadas.

Indica que vai votar en contra de todas as propostas, e indica que él non vai propoñer nada , porque aínda que él pode suxerir 400.000 euros en obras, con soamente dous votos non van saír adiante.

Ábrese un debate entre o Sr Alcalde e o voceiro de APIN no que por parte de Alcaldía se indica a importancia de que propoñan obras para poder encargar os proxectos e así poder facer esa obra proposta por APIN, indicando a necesidade de chegar a un acordo , posto que se non propón nada o que se intúe e que quere que non se aprobe o POS.

O voceiro de APIN indica que non pretende chegar a ningún acordo posto que xa coñece a forma de proceder do Sr Alcalde, polo que a única opción é a súa dimisión, dado que non pode gobernar, e no pleno decidírase se estamos dacordo ou non. Recorda que foi dito por a Alcaldía que APIN non pinta nada, dado que soamente son dous concelleiros, polo que entende que non ten nada que propoñer. Debería marchar para non perder o POS, dado que a culpa é sempre do Alcalde.

De seguido ábrese un debate entre o voceiro do PP e Alcaldía no que o voceiro do PP indica que esto únicamente é unha estratexia política do Alcalde que non fala claro, pois agora en vez de 109.000 existen moitos máis cartos que se poden destinar a obras, polo que o PP dirá as obras en pleno.

O Alcalde indícalle ao voceiro do PP que a proposta do goberno era destinar a achega 2021 a gasto corrente porque é necesario para manter os servizos mínimos e así se fixo nestes últimos 5 anos. Recorda que os proxectos non están redactados pero que si se puxo no seu poder memorias valoradas por un importe de 1.000.000 de euros, pero que se din as obras en pleno non haberá tempo de preparar o proxectos dado que precisan de ir acompañados de moita documentación técnica.

O voceiro de APIN indica que si existían proxectos e memorias para o POS, aínda que non lle interesaban como o alcantarillado de Lemiñoa, brantuas e Carballido.

Considera necesarias a Depuradora de Pazos e Brantuas, a obra de languerón e Anllóns Grande así como o alcantarillado de Lemiñoa....

Piden a palabra a Sr Pérez Imia que indica que o Sr Alcalde é un manipulador nato, posto que xa foron vítimas do seu abasallamento .

Eles queren o ben dos veciños pero non van ser partícipes do seu goberno .



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr Santiago Lema pide a palabra e indica que co que respecta ao tema de que él lle pediu cartos non foi así, que él llos ofreceu na Golada xunto co seu asesor, cando él o único que necesita é que se cubriran os seus gastos.

Agora quere que colaboremos e non cansa de dicir que estamos fora do goberno.

O Alcalde indica que ve que non can propoñer nada polo que non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 14:15 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e a secretaria.

O Alcalde

A Secretaria

D. Xosé Lois Garcia Carballido

Dª Antía Pena Dorado